



Programa de Empleo Local 2016/2019
pel@dacoruna.gal

Tel. 981080509

Deputación da Coruña-Plan de Empleo Local 2016-2019

Infórmase que a Deputación da Coruña publicou dúas convocatorias de axudas incluídas dentro do Plan de Empleo Local 2016-2019:

1º.- **PEL-EMPRENDE**: Axudas para o fomento da iniciativa empresarial entre xóvenes emprendedores da provincia.

Axudas dirixidas a mozos e mozas de entre 25 e 35 anos empadroados en concellos da provincia que promovan iniciativas empresariais de nova creación no ámbito provincial, tanto persoas físicas coma xurídicas.

As axudas cubrirán investimentos de ata 40.000 euros (excluído o IVE), dos cales o 50% como máximo poderá ser subvencionado pola Deputación. Os gastos subvencionables son os relacionados con aplicacións informáticas, maquinaria, utillaxe necesario para a realización da actividade, mobiliario e equipos para o proceso de información.

As bases da subvención poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 10 de 16 de xaneiro de 2017) premendo na seguinte ligazón http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/01/16/2017_0000000231.pdf

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata as 14.00 h do **3 de marzo de 2017**.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEI, accesible dende a sede electrónica da Deputación da Coruña, <https://sede.dicoruna.es>.

2º.- **PEL –PEMES**: Axudas para a creación ou ampliación do cadro de persoal de Pemes e micropemes en calquera das modalidades xurídicas existentes, con domicilio fiscal en concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Finalidade: apoiar ás empresas para a creación ou ampliación do seu cadro de persoal, mediante a contratación laboral de persoas en situación de desemprego. Cada empresa solicitante poderá contratar como máximo a unha persoa traballadora por un período mínimo de doce meses, non sendo admisible máis dunha solicitude por empresa.

A axuda cubre o 75% dos custos salariais totais da persoa traballadora incluídas as cotas á Seguridade Social, non sendo subvencionables outros conceptos derivados da contratación. A axuda é compatible con calquera outra axuda pública para os mesmos conceptos, non podendo en ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade, ser superior ao custe do persoal subvencionado.

As bases da subvención poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 10 de 16 de xaneiro de 2017) premendo na seguinte ligazón http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/01/16/2017_0000000230.pdf

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata as 14.00 h do **3 de marzo de 2017**.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEI, accesible dende a sede electrónica da Deputación da Coruña, <https://sede.dicoruna.es>.